

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000057.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática**o vindeiro **mércores, día 28 de decembro de 2022, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. RECTIFICACIÓN DO ERRO NA SECUENCIA NUMÉRICA E CRONOLÓXICA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30 DE MARZO, 15 E 29 DE XUÑO E 10 DE AGOSTO DE 2022.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE ZONAS VERDES E ARBOREDO URBANO NO CONCELLO DE LUGO . EXP. REF. 2021/C003/000019. ADXUDICACIÓN

3 CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA NO CENTRO SOCIAL E CULTURAL DO VELLO CÁRCERE. (EXP. REF. 2018-33). Expdte Tecol: 2021/C005/000044. CUARTA PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 31-12-2022 ATA O 30-12-2023

4. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE CENTROS, DEPENDENCIAS E CEIPS DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO E REGULACIÓN HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2022/C003/000024

5. CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN BITUMINOSA PARA O MANTENIMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. EXP ref: 2022/C004/000023. DECLARACIÓN DE DESERTO

6. CONTRATACIÓN DA OBRA “RENOVACIÓN DE INSTALACIÓN DE ALUMEADO NAS RÚAS DAS HERMANITAS, RÍO NEIRA, CIDADE DE VIGO, ABOGADO PEDRO GONZÁLEZ LÓPEZ, DINÁN E PRAZA DE BRETAÑA”. APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2022-C002-000033.

7. CONTRATACIÓN DA OBRA HUMANIZACIÓN DA RÚA AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO. EXP. REF. 2022-C002-000021. ADXUDICACIÓN.

8. CONTRATO MIXTO DE REDACCIÓN DO PROXECTO, EXECUCIÓN DE OBRA E DA DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA A DEMOLICIÓN DO EDIFICIO E DA URBANIZACIÓN NO ÁMBITO DO URPI-58 (ANTIGA UA CS5) ASÍ COMO RESTITUCIÓN AO ESTADO ORIXINAL DOS TERREOS. EXP. REF. 2022-C002-000018. ADXUDICACIÓN.

9. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COCIÑA, COMEDOR E LAVANDERÍA PARA A ESCOLA INFANTIL “GREGORIO SANZ” DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2022-C003-000038.

10. CONTRATACIÓN DOS SEGUROS DE DANOS A BENS MOBLES E INMOBLES (Lote 2)- 1ª PRORROGA CONTRATO 2022-2023. exp 2021/C003/000030

11. CONTRATACIÓN DO SUMINISTRO E IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE XESTIÓN INTEGRAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE LUGO DENTRO DA ESTRATÉXIA DUSI MURAMIÑAE DLA MURALLA AO MIÑO CÓDIGO DE PROXECTO: 16DUSI001 INCLUÍDO NO PROGRAMA OPERATIVO FEDER ORDEN HAP/2427/2015, DE 13 DE NOVIEMBRE CON FINANCIACIÓN DEL 80%. EXP. REF.2022-C004-000021. ADXUDICACIÓN.

PERSOAL

12. PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENCARGADO/A DE MERCADOS PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA OEP 2020

13. PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL SEPULTUREIRO/A PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA OEP 2020 E OEP 2021.

FACENDA LOCAL

14. SOLICITUDE DE RECTIFICACIÓN DE LIQUIDACIÓN PROVISORIAL PRACTICADA CORRESPONDENTE A TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS E POLO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS E INSTLACIÓNS E OBRAS CORRESPONDENTES Á LICENZA URBANÍSTICAS NÚMERO 25/208.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

15. LICENZA URBANÍSTICA PARA MELLORA DAS CONDICIÓNS DE ACCESIBILIDADE AO PORTAL E ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS EXISTENTE MEDIANTE ELIMINACIÓN DE PELDAÑOS NO PORTAL E REESTRUCTURACIÓN DO TRAMO DE ESCALEIRAS ATA A PRIMEIRA PLANTA, NA RONDA REPÚBLICA ARGENTINA, NÚMERO 2 (Expte: 2022/Y001/000172)

XESTIÓN URBANÍSTICAS

16. EXPEDIENTE CONTRADICTORIO DE RUÍNA TÉCNICA DO INMOBLE NÚMERO 21 DO CARRIL DAS ENCRUCILLADAS. DECLARACIÓN DE RUÍNA

TÉCNICA.R-193.

ÁREA DE GOBERNOD E CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

CULTURA

17. CONVALIDACIÓN DO GASTO (POR OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA) RELATIVO AO ALUGUER DE DOTACIÓN TÉCNICA DE ESCENARIO, ILUMINACIÓN, SON E PERSOAL PARA AS NECESIDADES DE PRODUCCIÓN DO FESTIVAL BENÉFICO DE ALUCEM DE DATA 23/09/2022 NA PRAZA DA MOSQUEIRA. FACTURA PRESENTADA POLA ENTIDADE A.S.A -SON S.L.U CON NIF: B-27443662.

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Secretario Xeral do Pleno, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,